

PRECES FINAIS

Queremos fundir os nosos corazóns
ao corazón virtuoso de san Lourenzo,
renunciar ao pecado e abrazar a vida da graza,
por iso pedimos:

Fainos fuxir da soberbia,

que nos fai mirar o noso como o único ben

Tod@s: **CONCÉDENOS, SEÑOR, HUMILDADE**

Fainos fuxir da avaricia,

que nos fai querer posuir aos demais e aos seus bens

Tod@s: **CONCÉDENOS, SEÑOR, XENEROSIDADE**

Fainos fuxir da envexa,

que nos impide mirar o que de fermoso puxeches en nós

Tod@s: **CONCÉDENOS, SEÑOR, CARIDADE**

Fainos fuxir da ira,

que arrinca de nós o corazón de irmán e irmá

Tod@s: **CONCÉDENOS, SEÑOR, MANSEDUME**

Fainos fuxir da luxuria,

que nos fai querer ser amos de todo o mundo

Tod@s: **CONCÉDENOS, SEÑOR, CASTIDADE**

Fainos fuxir da gula,

que nos impide compartir cos desposeidos e necesitados da terra

Tod@s: **CONCÉDENOS, SEÑOR, TEMPLANZA**

Fainos fuxir da preguiza,

que nos impide colaborar na obra da creación

Tod@s: **CONCÉDENOS, SEÑOR, DILIXENCIA**

Así, unidos a san Lourenzo nas virtudes,

unirémonos tamén no seu destino de eternidade

onde, con todos os santos e santas diremos por sempre

Tod@s: **GLORIA AO PAI, AO FILLO, E AO ESPÍRITO SANTO,
COMO ERA NUN PRINCIPIO,
AGORA, E SEMPRE ETERNAMENTE. AMÉN.**



*Parroquia de San Lourenzo de Fornelos
Unidade Pastoral d'Os Cotos*

ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS

Bendito sexas, Señor, porque, como Igrexa, podemos celebrar a memoria de san Lourenzo.

Bendito sexas porque nos deches a san Lourenzo, diácono, **servo da comunidade**, pola súa intercesión concédenos sermos nós construtores e colaboradores da comunidade.

Bendito sexas porque nos deches a san Lourenzo, irmán, **servo dos pobres**, pola súa intercesión concédenos sermos nós solícitos e atentos

con quen precisa do noso e de nós.

Bendito sexas porque nos deches a san Lourenzo, mártir, **servo da Verdade**, pola súa intercesión concédenos sermos nós testemuñas do teu evanxeo no mundo, con feitos e palabras.

Bendito sexas porque nos deches a san Lourenzo, como intercesor, **servo do Reino**, que el presente onda Ti a nosa pregaría

(faise un instante de silencio para orar)

Que, pola súa intercesión e a de santa María, Raiña dos mártires, academos a felicidade, que non ten remate, onda Cristo, que vive eternamente contigo. Amén

HIMNO A SAN LOURENZO

Lourenzo, pregoeiro do Evanxeo
anunciador do reino dos humildes
fainos entrar pola porta do ceo
que Cristo abriu aos corazóns felices

Palabra do Señor xa asinada
é a vida do mártir ofrecida,
como unha proba de que a espada
non pode xa rachar a fe vivida

Fonte de fe e de luz é a túa memoria
coraxe para o xusto na gran loita
do ben e da verdade, xa vitoria,
que, na vida e na morte, o xusto atopa

Martirio é a dor de cada día
se en Cristo e con amor é aceptada,
cacharela de amor que, na alegría
de servir ao Señor, é consumada.

Concédenos, Deus Pai, sen medida
e ti, Señor Xesús crucificado
o lume do Espírito da vida
para vivir o don agasallado.

Amén.